


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

21-22 de febreiro do 2026

I DA CORESMA A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ nº 7 *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Estamos comezando o tempo de coresma, e a nosa andaina como cristiáns vai realizarse coa vivencia de cinco semanas coa compañía desta dona Coresma. Ela vai a indicarnos os pasos que temos que dar para poder chegar a vivir con Xesús a súa Pascua, porque hai cousas que sobran, e cada semana, da man de Xesús, imos ir descubrindo o que necesitamos arrincar da nosa vida.

Hoxe no Evanxeo contemplaremos como Xesús tamén ten que superar tentacións para facer o seu camiño.

Esas mesmas tentacións son as que temos nós cada día. Verdade que todos queremos quedar sempre por enriba dos outros? Verdade que queremos ser e ter máis que os demais? Verdade que todos queremos quedar ben?.

Agora, como parroquia, convídasenos a superar as tentacións, a levantarnos e a seguir camiñando aínda que ás veces esteamos feridos, como ferida está a paz polo nada que vale a vida en tantos e tantos lugares.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Agora pómonos nas mans do Pai, porque o seu corazón está cheo de agarimo, e co seu perdón axúdanos a erguernos e a seguir o noso camiño cara a Pascua. Deixémonos perdoar por Deus e perdoémonos uns a outros. Xuntos rezamos:*

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogedes por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus Pai ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que sofren e non atopan nin respecto, nin comprensión, nin paz nas súas vidas. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe doídos co pouco que vale a vida nas terras nas que viviu o mesmo Xesús.*

(Silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, celebramos un ano máis os días de coresma e xa temos posta a mirada na Pascua do teu Fillo. Concédenos que as vivencias destes días coas feridas da guerra e da violencia nos leven a comprender mellor o misterio da fraternidade e da paz de Xesús, e a seguir o seu camiño para termos parte nos pasos da súa Pascua, que tamén é a nosa.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus que agora imos escoitar vainos axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida pois alónxannos de Deus e dos demais. Alónxanos a violencia e a guerra escandalosa que se vive en Palestina, en Ucraína, e en tantos outros lugares. E alónxannos as tentacións de ter e querer ser máis que os demais. Escoitemos o que esta Palavra nos aconsella.*

No Lecci I– A páxina 58 Xen 2, 7-9; 3, 1-7 LECTURA

LECTURA DO LIBRO DA XÉNESE

O Señor Deus formou un home do po da terra, soproulle no nariz o alento da vida e tornouse o home persoa viva.

O Señor Deus plantou un xardín en Edén, cara a oriente, e puxo nel ao home que formara. Fixo xermolar da terra árbores fermosas para a vista e boas para comer, e entre elas a árbore da vida e a árbore do coñecemento do ben e do mal.

A serpe era o máis arteiro de todos os animais que o Señor Deus fixera. Díxolle á muller: -"Conque Deus vos prohibiu comer do froito das árbores do xardín?"

A muller respondeulle: -"Podemos comer do froito das árbores todas do xardín. Soamente da árbore de alá no fondo nos mandou Deus: Non comades dela nin a toquedes, non sexa que morrades".

A serpe insistiu: -"De ningunha maneira morreredes. É que Deus sabe ben que o día en que comades dela, se vos abrirán os ollos e seredes coma Deus, sabedores do ben e do mal".

A muller reparou que o froito da árbore era saboroso, atraente, e bo para adquirir entendemento. E coa mesma colleu do froito e comeu; logo deulle ao seu home, e tamén el comeu. Entón abríronselle os ollos aos dous e decatáronse de que estaban espidos. Entrelazaron follas de figueira e cinguíronse con elas.

Palabra do Señor

🎵 *nº 41 Quen nos vai separar de Ti* **SALMO**
(en pé) *No Lecc I A páx 60* **Mt 4, 1-11** **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela o Espírito conduciu a Xesús ao deserto, para que Satán o tentase. Despois de xaxuar corenta días e corenta noites, acabou por ter fame. O tentador, achegándose a el, díxolle: - Se es Fillo de Deus, manda que estas pedras se convertan en pan.

Pero el respondeu:

- Está escrito: Non soamente de pan vive o home, senón de toda palabra saída da boca de Deus.

Levouno logo o Satán á cidade santa, e púxoo na atalaia do templo, dicíndolle:

- Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí embaixo, que está escrito: Mandará os seus anxos para que te coiden e te leven nas súas mans; e os teus pés non se mancarán nas pedras.

Xesús respondeu:

- Tamén está escrito: Non tentarás ao Señor, o teu Deus.

Pero aínda o levou o Satán a un monte moi alto e, mostrándolle os reinos todos do mundo enteiro, cheos de esplendor, díxolle:

- Heiche dar todo isto se te prostras e me adoras.

Entón replicoulle Xesús: - Arreda, Satanás, porque está escrito: Só ao Señor, o teu Deus, adorarás, e só a El darás culto.

Deixouno o Satán, e achegáronse os anxos para o serviren.

Palabra do Señor

(sentad@s)

gardamos uns instantes de silencio para

Que nos propomos nesta Coresma
con “dona coresma”?



Con ela imos ir descubrindo, que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale. É arrincar algunha desas actitudes que nos fan ruíns, colaboradores do mal, algunha desas actitudes que nos alonxan do proxecto de irmandade de Xesús: “amar a Deus e amarnos coma irmáns”.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma esta perna. (Arrincamos a perna da 1ª coresma). É a perna da tentación de ter, querer e poder máis que os demais.

Ten moito que ver coa violencia e a guerra que tanto nos escandaliza. A guerra non é máis que COMPETIR e querer ser máis que os demais, custe o que custe. Estamos escandalizados, e necesitamos camiños novos porque a violencia nunca é maneira de facer.



Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coresma”, colgamos a perna

na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella).

Temos arrincado algo que nos sobra: a tentación de querer ser máis que os demais; e temos cosido IRMANDADE E PAZ.

Mellor irá a vida se a remendamos con IRMANDADE E PAZ.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial querendo mellorar a vida dende a irmandade e a paz, compartimos a fe. Dicimos:

SI CREEMOS

Monitor/a:

Cremos en Deus, no Deus que é Pai e Nai,
que con misericordia nos acolle e nos perdoo?

SI CREEMOS

Cremos en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que nos convida a ser irmandade e paz para os demais compartindo e fuxindo de actitudes violentas?

SI CREEMOS

Cremos no Espírito Santo,
que nos alenta para vencer as tentacións do ser, do ter, e do poder, sendo xentes de ben e de paz?

SI CREEMOS

Cremos na Igrexa,
a comunidade dos homes e mulleres que queremos facer nosa a PASCUA de Xesús, e por iso dóenos o nada que vale a vida cando o único no que nos empeñamos é en ser mais que os demais?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe acudimos ao Pai conscientes das nosas tentacións, necesitados de irmandade e paz, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Digamos*

PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS

Monitor/a:

- ✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por OS COTOS, por cada cristián, para que vivamos a coresma como tempo de remendar con IRMANDADE E PAZ. Oremos
- ✓ Polas xentes e os pobos que o están pasando escandalosamente mal, feridos nunha violencia que nos ofende e que non podemos entender. Oremos
- ✓ Polas persoas que se esforzan por mellorar a vida compartindo e dando unha man, dándonos exemplo para facelo mellor. Oremos
- ✓ Polas persoas que se empeñan en competir para estar por enriba dos demais, e que se cren que a vida consiste en ser o primeiro. Oremos
- ✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coresma queremos facelo mellor para chegar á Pascua arrincando da vida o competir e remendándoa coa irmandade. Oremos

Celebrante: *Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para arrincar o que está mal e así remendar para facelo mellor. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Imos rezar: “non nos deixes caer na tentación”, pero sabemos que moitas veces rezamos de forma rutineira ou coa boca pequena. Hoxe queremos facelo xuntos compartindo o que temos aprendido en Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Temos ante nós a tentación de competir e crer que a nosa vida vale máis cá dos demais. Temos a tentación de deixar de lado a quen pensa, vive e reza diferente. Temos a tentación de despreocuparnos de tanta e tanta xente, pero, acaso, non son mulleres e homes coma nós?. Non nos deixemos tentar, e deámonos unha man para a irmandade e a paz.*

🎵 **nº 38** *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar nesta celebración é implicarse por construír un mundo compartido en irmandade e en paz. O camiño é facelo ben para superar as tentacións. Ditosos nós por facer camiño de coresma e compartir coma comunidade este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 41** *Quen nos vai separar de Ti*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, Noso Pai, ti animáchesnos coa túa Palabra, amosáchesnos o camiño que achega á irmandade e á paz, e alimentáchesnos co pan da vida. Así enchemos a nosa fe, facemos medrar a esperanza e enfortecemos a caridade.

Axúdanos a ter sempre fame do evanxeo de Xesús, e a esperarmos cun corazón alegre e purificado a celebración da Pascua que deu sentido á súa vida e enche as nosas.

Pedímoscho por El, noso irmán e Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Con Xesús quixemos arrincar a perna das tentacións do poder, do ter, do ser e competir máis que os demais, e quixemos remendar a nosa vida coa irmandade e a paz.

A nosa celebración ten que ser tamén un remendo para vivir como verdadeiros cristiáns os pasos da coresma que nos achegan á PASCUA. Por iso cada quen pode levar para a casa o REMENDO de hoxe



IRMANDADE E PAZ

(Repartimos os remendo para levalos para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
unha boa coresma,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Querendo facelo así de ben co noso remendo
podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*



**“Na vida arrincamos as tentacións
e remendamos con
IRMANDADE E PAZ”**

*Facendo da Coresma camiño cara
a Pascua con Cristo*